

5.3. medio ambiente

O estudo do medio ambiente divídese en tres bloques. No primeiro deles, a partires dos datos da Consellería de Medio Ambiente, trátase o problema dos incendios forestais, medido a través do número de incendios e da superficie afectada.

Posteriormente, analizarase a situación dos residuos industriais (tanto perigosos como non perigosos), tendo en conta a cantidade dos diferentes tipos de residuos xerados. Esta análise realízase a partires da *Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial* publicada polo INE.

Finalmente, se trata o problema dos usos da auga, analizando indicadores como o consumo de auga, os usos da auga no sector agrario, o problema das perdas da auga e o prezo medio da mesma. Para a realización desta análise, emprégase a información recollida na *Encuesta sobre el uso y tratamiento del agua*, a *Encuesta sobre*

el uso del agua en el sector agrario e a *Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial* do INE.

O presuposto da Consellería de Medio Ambiente, a diferenza do acontecido no ano 1999, descendeu no ano 2000 un 3,1% respecto ó ano precedente, para situarse nos 22.935,3 millóns de pesetas, dos que un total de 9.900,2 millóns (un 12% máis que no presuposto do ano anterior) corresponden ó capítulo VI, investimentos reais.

O **cadro 5.3.1.** reflicte a distribución dos créditos por programas da devandita consellería. Os programas 614C, ordenación, reestruturación e desenvolvemento do sector forestal; o 422C, prevención e defensa contra incendios; e o 342A, protección e mellora do medio ambiente, absorben o 83,1% do total dos presupostos da consellería.

Xunto á actuación da consellería, na mello-

CADRO 5.3.1.

Presuposto consolidado da Consellería de Medio Ambiente 1999-00: distribución por programas

	1999	2000	00/99
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		%
342A Protección e Mellora do Medio Ambiente	6.248,5	5.636,5	-9,8
341A Direccións e Servizos Xerais de Medio Ambiente	812,3	917,1	12,9
422C Prevención e Def. contra Incendios Forestais	6.356,6	5.704,4	-10,3
432A Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico	285,1	422,4	48,2
614C Orden., Reestruct. e Desenvolv. Sector Forestal	6.994,8	7.717,2	10,3
441A Elaboración e difusión estatística	7,4	7,4	0,0
731A Mellora da Estruct. Forestal e 1ª Transf.	2.995,7	2.530,3	-15,5
Total	23.660,4	22.935,3	-3,1

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A .

CADRO 5.3.2.

Proxecto de investimentos de Augas de Galicia 1999-00

	1999	2000	00/99
	<i>(en miles de pesetas)</i>		%
342A Protección e mellora do Medio Ambiente			
601 Infraestructuras, saneamento, protección e M.A. (obra hidráulica e M.A.)	7.096.717	6.492.058	-8,5
640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial	40.000	50.000	25,0
412A Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos			
601 Infraestructuras, saneamento, protección e M.A. (obra hidráulica e M.A.)	3.648.218	3.844.942	5,4
622 Edificios e outras construcións		20.000	
623 Maquinaria, instalacións e utensilios	10.000	8.000	-20,0
624 Material de transporte	10.000	10.000	0,0
625 Mobiliario e útiles	20.000	15.000	-25,0
626 Equipos para procesos de información	20.000	10.000	-50,0
640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial	50.000	50.000	0,0

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A .

CADRO 5.3.3.

Incendios forestais 1999-00

1999

	número (1)	superficie afectada		
		sup. arbolada	sup. rasa	sup. total
		<i>(en has.)</i>		
A Coruña	1.949	262,0	574,4	836,4
Lugo	1.114	386,5	1.563,9	1.950,4
Ourense	3.153	1.313,5	4.771,4	6.085,0
Pontevedra	2.427	495,6	1.160,6	1.656,3
Total	8.643	2.457,6	8.070,3	10.528,1
España	17.879	21.471,2	47.724,9	69.161,1

2000

	número	superficie afectada		
		sup. arbolada	sup. rasa	sup. total
		<i>(en has.)</i>		
A Coruña	2.289	1.198,8	2.177,2	3.376,1
Lugo	1.940	1.813,7	6.451,6	8.265,3
Ourense	5.317	6.305,2	25.474,5	31.779,8
Pontevedra	3.043	826,8	1.704,6	2.531,4
Total	12.589	10.144,6	35.808,0	45.952,6
España		44.262	102.555	146.817

(1) número: suma de incendios + conatos

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Ministerio de Medio Ambiente

CADRO 5.3.4.

Resíduos industriais por Comunidade Autónoma. 1999

	Non perigosos		Perigosos		Totais	
	(entoneladas)	%	(entoneladas)	%	(entoneladas)	%
Andalucía	7.991.010,9	16,7	161.675,9	3,8	8.152.686,8	15,7
Aragón	778.937,6	1,6	72.358,3	1,7	851.295,9	1,6
Principado de Asturias	787.304,9	1,6	321.798,7	7,5	1.109.103,6	2,1
Baleares, Illas	170.656,0	0,4	358,7	0,0	171.014,7	0,3
Canarias	73.352,5	0,2	24.485,7	0,6	97.838,2	0,2
Cantabria	585.953,0	1,2	77.533,1	1,8	663.486,1	1,3
Castela e León	19.383.125,3	40,6	141.941,9	3,3	19.525.067,2	37,6
Castila A Mancha	936.274,5	2,0	120.702,4	2,8	1.056.976,9	2,0
Cataluña	7.034.659,1	14,7	2.023.176,5	47,3	9.057.835,6	17,4
Comunidade Valenciana	2.787.895,1	5,8	121.070,5	2,8	2.908.965,6	5,6
Extremadura	66.827,6	0,1	2.427,8	0,1	69.255,4	0,1
Galicia	2.496.930,5	5,2	43.394,9	1,0	2.540.325,4	4,9
Madrid	843.912,4	1,8	124.292,1	2,9	968.204,5	1,9
Murcia	502.487,9	1,1	107.376,0	2,5	609.863,9	1,2
Navarra	725.814,7	1,5	40.474,2	0,9	766.288,9	1,5
País Vasco	2.500.592,8	5,2	894.120,0	20,9	3.394.712,8	6,5
A Rioja	51.390,4	0,1	2.522,0	0,1	53.912,4	0,1
España	47.717.125,2	100	4.279.708,7	100	51.996.833,9	100

Fonte: INE, Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial

ra e conservación medioambiental tamén colaboran a sociedade pública Sogama, cun presuposto de 33.196 millóns de pesetas, e Augas de Galicia, da que os seus investimentos reais, como se reflicte no **cadro 5.3.2.**, ascenden a 10.337,0 millóns de pesetas.

Os presupostos da Xunta inclúen unha previsión de ingresos por gravames de contaminación atmosférica por un importe de 2.800 millóns de pesetas, un 9,6% máis que a cantidade presupostada no exercicio anterior, que era de 2.555 millóns de pesetas.

Os incendios forestais

No ano 2000 produciuse un crecemento importante no número de incendios e na superficie total afectada. O número total de incendios forestais rexistrados en Galicia medrou un 45,7% respecto a 1999, ó pasaren dos 8.643 incendios de 1999 ós 12.589 lumes no ano 2000. Este aumento prodúcese un tódalas provincias galegas, salientando a evolución rexistrada na provincia de Ourense, onde o número de lumes aumenta en 2.164 respecto o ano 1999, acadando a cifra de 5.317 incendios forestais (**cadro 5.3.3.**).

Este aumento no número de incendios rexistrados na comunidade galega foi acompañado dun crecemento da superficie total afecta-

da (un 366,5% máis que o ano anterior), para situarse nas 45.952,6 hectáreas, fronte ás 10.528,1 hectáreas do ano anterior. Este crecemento é máis acusado no caso da superficie rasa, que pasa das 8.070,3 hectáreas ás 35.808 hectáreas do ano 2000.

Atendendo á desagregación por provincias, na provincia de Ourense o número de hectáreas afectadas polos incendios multiplícase por cinco ó longo do ano 2000, pasando das 6.085 hectáreas do ano 1999 ás 31.779,8 hectáreas (o 68,4% do total afectado). Nesta provincia, a superficie rasa afectada foi de 25.474,5 hectáreas (o 71,4% do total da superficie rasa galega afectada) e a superficie arborada, de 6.305,2 hectáreas (o 62,1%).

Cruzando os datos da Consellería de Medio Ambiente e do Ministerio de Medio Ambiente, os incendios rexistrados en Galicia no ano 2000 afectaron a unha superficie que representaba o 31,3% do total da superficie total afectada en España. No caso da superficie arborada, esta porcentaxe ascende ata o 22,9%, e no caso da superficie rasa, ata o 34,9%.

Residuos industriais

Como consecuencia da actividade industrial, no ano 1999 as empresas galegas xeraron un total de 2,54 millóns de toneladas de resi-

CADRO 5.3.5.

Cantidade de residuos xerados por actividade económica e tipo de residuo. 1999

	España		Galicia	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(entoneladas)			
Disolventes usados	32.189,1	111.014,6	13,8	1.931,8
Residuos ácidos alcalinos ou salinos	4.013.124,6	857.874,0	11,0	1.437,1
Aceites usados	9.301,7	478.340,3	607,1	3.483,3
Residuos de procesos químicos e físicos	3.917.783,6	2.013.234,6	837.087,7	16.031,7
Residuos e depósitos químicos	190.360,5	30.578,2	14,4	8.327,6
Outros residuos químicos	317.531,2	40.923,4	178,0	959,1
Residuos biolóxicos	30.516,8	1.915,4	777,3	451,9
Residuos metálicos	1.870.655,5	75.185,2	93.412,4	1.515,3
Residuos de vidro	301.187,3	-	689,7	-
Residuos de papel e cartón	777.308,6	-	36.837,0	-
Residuos de caucho	55.894,2	-	1.433,6	-
Residuos de plástico	859.895,6	-	10.744,4	-
Residuos de madeira	2.414.465,3	-	240.878,1	-
Residuos téxtis	67.987,2	-	2.775,7	-
Vehículos fóra de uso	14.318,0	-	2.045,6	-
Equipo desechados (1)	3.460,3	9.373,0	436,3	65,4
Abono e abono líquido	63.616,6	-	-	-
Residuos animais e vexetais	1.162.459,1	-	75.570,2	-
Residuos domésticos e similares	370.631,2	-	31.473,0	-
Materiais mixtos	306.434,5	-	4.969,3	-
Residuos de tratamento	1.070.645,0	22.430,0	8.389,4	262,0
Lodos comúns	1.638.234,6	-	338.062,5	-
Residuos minerais e da construción (2)	26.703.492,2	455.502,6	789.794,2	4.576,0
Residuos da combustión	793.889,0	183.337,5	20.348,9	4.353,8
Residuos solidificados e vitrificados	731.743,3	-	380,8	-
Cantidade de residuos xerados	47.717.125,2	4.279.708,7	2.496.930,5	43.394,9

(1) non inclúe os vehículos fóra de uso

(2) non inclúe os residuos da combustión

Fonte: INE, Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial

duos, dos que 43.395 toneladas están catalogados como perigosos segundo as normas comunitarias e 2.496.930 toneladas como non perigosos. Comparado co total estatal, o peso relativo dos residuos totais xerados polas industrias galegas foi do 4,9%, en tanto que a porcentaxe acadada no caso dos residuos perigosos foi do 1,0% e do 5,2% no caso dos residuos non perigosos.

Atendendo á distribución por comunidades autónomas, o **cadro 5.3.4.** reflicte que Galicia ocuparía o sexto lugar en canto á xeración de residuos industriais, por detrás de Castela e León (37,6%), Cataluña (17,4%), Andalucía (15,7%), País Vasco (6,5%) e C. Valenciana (5,6%). No caso dos residuos perigosos, o devandito cadro amosa que Galicia é a sexta comunidade que menor cantidade de residuos xera, superada por Baleares, (0,0%), A Rioxa e Extremadura (0,1%), Canarias (0,6%) e Navarra (0,9%).

O **cadro 5.3.5.**, que presenta a cantidade de residuos xerados por actividade económica e tipo de residuo, reflicte que en Galicia os resi-

duos de procesos químicos e físicos son os máis abundantes, seguidos dos residuos minerais e da construción, que acollen un total de 1.674.489,6 toneladas, é dicir, o 64,9% do total dos residuos industriais galegos.

Usos da auga

A análise dos usos da auga parte dos datos das enquisas sobre o uso da auga no sector industrial e no sector agrario referidas ó ano 1999.

O volume total de auga consumida en Galicia no ano 1999 ascendeu a 311.650 miles de metros cúbicos, dos que 238.460 miles de metros cúbicos dedicáronse ó abastecemento urbano (consumo de fogares, empresas, consumos municipais e outros). O sector industrial empregou 42.137 miles de m³ para o seu propio subministro, en tanto que as explotacións agrarias consumiron un total de 31.053 miles de metros cúbicos.

O **cadro 5.3.6.** reflicte unha importante diferenza entre a distribución do consumo de

CADRO 5.3.6.

Consumo total de auga nas Comunidades Autónomas 1999

	Abastecemento urbano	Abastecemento industrial	Irrigación sector agrario	Total	Proporción de auga consumida
	(en miles de m ³)				
Andalucía	630.302	295.120	4.802.743	5.728.165	25,2
Aragón	102.428	183.783	2.549.717	2.835.928	12,5
Asturias	78.153	80.582	-	158.735	0,7
Baleares, Illas	62.554	2.129	-	64.683	0,3
Canarias	129.819	5.528	138.719	274.066	1,2
Cantabria	61.281	120.402	-	181.683	0,8
Castela e León	251.077	67.252	1.988.179	2.306.508	10,1
Castela-A Mancha	156.796	33.738	1.735.117	1.925.651	8,5
Cataluña	608.693	309.661	1.759.925	2.678.279	11,8
Comunidade Valenciana	346.073	79.380	2.166.334	2.591.787	11,4
Estremadura	68.575	416	1.381.575	1.450.566	6,4
Galicia	238.460	42.137	31.053	311.650	1,4
Madrid	462.309	27.414	131.554	621.277	2,7
Murcia	66.973	6.719	356.093	429.785	1,9
Navarra	51.629	233.073	386.892	671.594	3,0
País Vasco	172.363	65.426	21.412	259.201	1,1
Ríoxa, A	39.418	1.211	232.016	272.645	1,2
Ceuta e Melilla	8.815	-	-	8.815	-
España	3.535.718	1.553.971	17.681.329	22.771.018	100

Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua e Encuestas sobre el uso del agua en el sector industrial e en el sector agrario.

CADRO 5.3.7.

Usos da auga no sector agrario en Galicia e España 1999

	Galicia	España
	(en miles de m ³)	
Concesión de auga	65.490	23.848.187
Augas superficiais	64.026	22.417.086
Augas subterráneas	-	1.072.304
Outros recursos hídricos	1.464	358.797
Auga adquirida e subministrada		
Auga adquirida a outras unidades económicas	-	744.693
Augas superficiais	-	708.937
Augas subterráneas	-	30.017
Outros recursos hídricos	-	5.739
Augas subministrada por outras unidades económicas	31.053	17.925.418
A explotacións agrarias	31.053	17.681.329
A outras Comunidades de Regantes	-	227.713
A empresas abastecedoras ou non de auga	-	16.376
Distribución de auga nas explotacións agrícolas		
Por tipos de cultivos	31.053	17.681.327
Herbáceos (non inclúe millo)	29.994	2.705.460
Millo	1.019	3.418.310
Frutais	1	3.207.406
Patacas e hortalizas	6	1.213.424
Cultivos industriais	-	3.473.959
Outros tipos de cultivos	33	3.662.768
Polas técnicas de rego e manexo	31.053	17.681.330
Aspersión	22.831	3.173.948
Goteo	-	860.071
Gravidade	8.222	11.416.259
Outros	-	2.231.052

Fonte: INE, Encuesta sobre el uso del agua en el sector agrario 1999

Perdas de auga nas redes de distribución nas CC.AA. 1999

	Abastecemento urbano	Irrigación sector agrario	Total	Proporción de auga perdida en cada C.A.
	(en miles de m ³)			
Andalucía	143.654	1.023.772	1.167.426	21,3
Aragón	61.746	828.688	890.434	16,3
Asturias	23.736		23.736	0,4
Baleares, Illas	18.552		18.552	0,3
Canarias	37.180	16.380	53.560	1,0
Cantabria	14.145		14.145	-
Castela e León	72.935	754.775	827.710	15,1
Castela-A Mancha	27.503	340.051	367.554	6,7
Cataluña	169.647	561.623	731.270	13,4
Valenciana	154.586	349.827	504.413	9,2
Estremadura	15.396	301.344	316.740	5,8
Galicia	35.462	34.437	69.899	1,3
Madrid	78.449	35.789	114.238	2,1
Murcia	18.215	22.504	40.719	0,7
Navarra	8.766	130.043	138.809	2,5
País Vasco	71.724	6.780	78.504	1,4
Rioxa, A	5.078	111.464	116.542	2,1
Ceuta e Melilla	4.517	-	4.517	-
España	961.291	4.517.477	5.478.768	100

Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua e Encuestas sobre el uso del agua en el sector industrial e en el sector agrario.

auga en Galicia e no conxunto do estado en 1999. Mentres que en Galicia o 76,5% do auga consumida corresponde ó abastecemento urbano e un 10% ó consumo das explotacións agrarias, no conxunto do estado estas porcentaxes ascenden ó 15,5% e ó 77,6%, respectivamente. Neste ano o sector industrial acolle o 13,5% do total de auga consumida en Galicia, sendo en España do 6,8%.

Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia sería a décimo primeira comunidade en canto ó consumo total de auga, cun 1,4% do total estatal.

Centrándose no caso dos usos da auga no sector agrario, o **cadro 5.3.7.** amosa que a concesión da auga (volumen total de auga a que unha comunidade de regantes ten dereito en virtude dunha concesión administrativa previamente outorgada) ascendeu en Galicia en 1999 a 65.490 miles de metros cúbicos (o 0,3% do total estatal), dos que 64.026 procede das augas superficiais e 1.464 miles de m³ procede de outros recursos hídricos.

Atendendo á distribución por tipos de cul-

tivo, o **cadro 5.3.7.** reflicte que en Galicia o 96,6% da auga consumida nas explotacións agrarias (29.994 miles de metros cúbicos) corresponde ós cultivos herbáceos (non inclúe o millo) e un 3,3% (1.019 miles m³) ó millo. No caso estatal, estas porcentaxes ascenden ó 15,% e 19,3%, respectivamente.

Segundo as técnicas de rego e manexo, o 73,5% da auga consumida é a través de rego por aspersión, e un 26,5% a rego por gravidade. No conxunto estatal, predomina o rego por gravidade, que acolle o 64,6% da auga consumida, en tanto que a auga consumida por rego por aspersión foi do 18% do total.

Dos 628.677 miles de metros cúbicos de auga dispoñible consumíronse un total de 311.650, estimándose as perdas nas redes de distribución en 69.899 miles de metros cúbicos, o que representa o 1,3% do total das perdas de auga no conxunto do estado, co que se sitúa como a 5ª comunidade con menores perdas de auga.

As perdas corresponden nun 49,2% á irrigación do sector agrario e nun 50,8% ó abaste-

CADRO 5.3.9.

Prezo medio da auga nas CC.AA. 1999

	Abastecemento urbano	Irrigación sector agrario	
	(pesetas/m ³)	(pesetas/m ³)	(pesetas/Ha.)
Andalucía	96	6,68	43.739
Aragón	92	0,67	4.292
Asturias	75	-	-
Baleares, Illas	207	-	-
Canarias	258	11,18	69.846
Cantabria	75	-	-
Castela e León	70	0,99	5.280
Castela-A Mancha	59	2,34	10.249
Cataluña	151	0,73	5.197
Valenciana	104	3,51	28.484
Estremadura	99	0,94	6.881
Galicia	84	1,59	3.459
Madrid	114	1,51	8.765
Murcia	165	15,49	36.609
Navarra	75	1,09	6.087
País Vasco	177	5,86	12.877
Rioxa, A	50	1,82	1.304
Ceuta e Melilla	89	-	-
España	116	3,30	18.100

Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua e Encuestas sobre el uso del agua en el sector industrial e en el sector agrario.

cemento urbano. No caso do conxunto do estado, estas porcentaxes ascenderon ó 82,4% e 17,6%, respectivamente.

Finalmente, o prezo do abastecemento urbano de auga é de 84 pesetas por metro cúbico en Galicia, 32 pesetas máis barato que a media estatal (116 pesetas/m³). No caso da irrigación do sector agrario, o prezo por metro cúbico en Galicia foi de 1,59 pesetas fronte ós 3,30 pesetas do conxunto de España, sendo o prezo por hectárea de 3.459 pesetas, fronte ás 18.100 de España. ■

